

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE URBANO

LIBRO I.-PROTECCIÓN DOS ESPACIOS PÚBLICOS EN RELACIÓN COA SÚA LIMPEZA E RETIRADA DE LIXO.

TITULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-Esta Ordenanza ten por obxecto, como contido do presente Libro a regulamentación das actividades dirixidas á limpeza dos espazos públicos e recollida de residuos sólidos para conseguir as adecuadas condicións de pulcritude e ornato urbanos.

Artigo 2.-Para os efectos da incarnación nominativa, a regulamentación atende ós principios da Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e demais disposicións aplicables.

Artigo 3.-Considéranse residuos sólidos, consoante ó establecido no artigo 2 da Lei citada no artigo anterior ós producidos por actividades e situacións domiciliarias, comerciais e de servizos, sanitarias, de limpeza urbana, industriais, obras en edificios, abandono de animais mortos, mobles e vehículos e en xeral todos aqueles dos que a recollida, transporte e almacenamento ou eliminación corresponda ó Concello de acordo coa lexislación vixente.

TITULO II.-LIMPEZA DA REDE VIARIA E OUTROS SERVICIOS

CAPITULO I.-PERSOAS OBRIGADAS A LIMPEZA

Artigo 4.-A limpeza da rede viaria pública (rúas, beirarrúas, prazas, pasos a desnivel, tanto de tránsito rodado como peonais, etc.) e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada polo Servizo Municipal competente coa frecuencia conveniente para a adecuada prestación do servizo e a través das formas de xestión que acorde o Concello, consoante á lexislación de Réxime Local.

Artigo 5.-Como consecuencia da limpeza dos elementos comunitarios dos inmobles (escaleiras, portais, etc.), os residuos obtidos serán depositados en recipientes normalizados e herméticos, ficando totalmente prohibido depositalos directamente na vía pública.

Artigo 6.-

- 1.-A limpeza das rúas de dominio particular deberá facerse polos propietarios, seguindo as directrices que dicte o Concello para conseguir uns niveis adecuados de limpeza.
- 2.-Tamén están obrigadas as comunidades de propietarios ou os que habiten o inmovible ou inmoables colindantes se é o caso, e manter limpos os patios de luces, patios de bloques de vivendas ou calquera outra zona común conforme ás súas normas estatutarias ou acordos tomados para o efecto polas respectivas Xuntas ou Asembleas.

Artigo 7.-

- 1.-A limpeza de inmoables de propiedade particular que se encontren en solo urbano e non estean incluídos no artigo anterior corresponderá, igualmente, á propiedade.
- 2.-O incumprimento da obriga de manter limpos os citados inmoables non exime de vala-la mesmos conforme ó que dispoñen as Normas do Plan Xeral e Ordenanzas que as desenvolvan.

CAPITULO II.-ACTUACIÓNS NON PERMITIDAS

Artigo 8.

- 1.-Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos como cigarros, cascás, papeis ou calquera outro desperdicio semellantes. Os que vaian polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queiran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.
- 2.-Os usuarios deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, volcalas ou arrincalas, así como de calquera outro acto que as deteriore ou as faga inutilizables para o uso ó que están destinadas.

Artigo 9.

- 1.-Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensucia-las vías e espazos libres públicos, e de forma especial:
 - 1.. Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar ós mesmos o aceite e outros líquidos.
 - 2.. Manipular ou seleccionar residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
 - 3.. Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma desde fiestras, balcóns ou terrazas.

Artigo 10.

- 1.-Non se permite realizar actos de propaganda ou calquera outra clase que supoñan repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas voantes cando estes actos ensucien os espazos públicos.
- 2.-Terá a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ó establecido no número anterior sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto e salvo proba en contrario, aquelas a favor das que se faga a mesma.
- 3.-Quedarán dispensada a propaganda durante os períodos electorais e aqueles outros de especial significación política e xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos publicitarios, de acordo coas disposicións municipais que se adopten para estes efectos.

CAPITULO III.-MEDIDAS RELATIVAS A DETERMINADAS ACTIVIDADES

Artigo 11.

- 1.-Os donos de quioscos ou postos autorizados na vía pública, xa sexa en sitios illados ou en mercados, están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolvan o seu cometido e os seus arredores durante o horario no que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado ó concluir esta.
- 2.- A mesma obriga afecta ós donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie da vía pública ou espazo libre público que se ocupe con mesas, sillas, etc., así como á beirarrúa correspondente ó longa da súa fachada.
- 3.-Os titulares dos establecementos, quioscos ou postos, así como os concesionarios de expendedorías de tabaco e lotería nacional deberán instalar pola súa conta e cargo as papeleiras necesarias. A recollida dos residuos acumulados nas mesmas faráa o Servizo Municipal competente.

Artigo 12.

- 1.-Concluída a carga e descarga de calquera vehículo respetando as normas que para tales actividades establece a Ordenanza de Circulación, limpanse as beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.
- 2.-Están obrigados ó cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas no que se fixera a carga ou descarga.

Artigo 13.

1.-O persoal de establecementos ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos de tracción mecánica e os estacionen habitualmente na vía pública, deberán limpar debidamente e coa frecuencia necesaria o espazo ocupado polos mesmos.

2.-Este precepto é tamén aplicable ós espazos reservados para o establecemento de camións e autocares de aluguer, sendo responsables da infracción os seus propietarios.

Artigo 14.- Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, escombros, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia semellante, deberán toma-las medidas precisas para protexer tales materiais durante o transporte e evitar que por causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

Así mesmo, antes de saír das obras, deberanse lava-los baixos e rodas dos vehículos, co fin de impedir que ensucien as vías públicas.

Artigo 15.

1.-Cando se realicen pequenas obras na vía pública con motivo de canalizacións, tapado de buratos, etc., os refugallos e escombros deberán ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes á terminación dos traballos, deixándoos, entre tanto, debidamente amoreados, de xeito que non se atranque a circulación de peatóns e vehículos.

2.-Nas obras onde se produzan cantidades de escombros superiores a un metro cúbico deberán utilizarse, para o seu almacenamento na vía pública, contenedores adecuados, amparados pola correspondente autorización.

Artigo 16.-As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías públicas e espazos públicos, ademais de levalos atados e cumpri-los demais requisitos establecidos, deberán impedir que esten depositen as súas dexeccións en calquera lugar destinado para o tránsito de peatóns. Para que realicen estas dexección deberanos levar á calzada xunta á boca do sumidoiro.

Para o caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas ou outras zonas destinadas ó tránsito peatonal a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza inmediata.

TITULO III.-LIMPEZA DE EDIFICACIONES

Artigo 17.-Os propietarios dos inmobles, vivendas e establecementos están obrigados a manter limpas as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, de tal maneira que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu entorno urbano.

Artigo 18.

1.-Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeuntes nin ensuciar a vía pública e se non obstante, esta fose ensuciada, os donos do establecemento están obrigados a súa limpeza retirando os residuos resultantes.

2.-Iguais precaucións deberanse adoptar para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nos mesmos.

Artigo 19.

1.-Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da cidade, queda prohibido:

1.. Poñer carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, cabinas, fachadas, farolas, grades, valos, papeleiras, etc.

2.. Riscar, ensuciar ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto.

2.-Consideraranse separadamente como actos sancionables ás actuacións contrarias ó disposto no punto anterior en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos.

3.-Para os efectos de responsabilidade rexerá ó restablecido no artigo 10 desta Ordenanza.

Artigo 20.

1.-Os propietarios ou titulares de inmobles, coidarán de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.-Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos lugares destinados para ese fin, sempre que, ademáis, estean amparados pola preceptiva licencia.

Artigo 21.-Cando un inmoble fose obxecto de pintadas, ou pegamento de carteis, os Servicios Municipais (Policía Municipal, Servicio Limpeza, etc.) pasarán o correspondente parte ó Servicio competente, sen detrimento de que o propietario ou persoa encargada o comunique ó Servicio Municipal competente, que procederá a súa limpeza con cargo á persoa física ou xurídica que resulte responsable.

Artigo 22.-Durante os períodos electorais legislativos e aqueloutros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Santiago adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

TITULO IV.-RETIRADA DE RESIDUOS SOLIDOS

CAPITULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 23.-Este título comprende as normas que deben ser cumpridas polos produtores dos residuos sólidos enumerados no artigo 3 con referencia á presentación e entrega dos mesmos para a súa recollida e transporte.

Artigo 24.-Da recollida dos residuos sólidos farase cargo o persoal adicado á mesma, e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica que careza da correspondente concesión ou autorización municipal deberá responder solidariamente con esta polos danos que puideran producirse por causa daqueles, independentemente das sancións a que houber lugar.

En ningún caso, nin baixo ningún pretexto, se deben entrega-los residuos ó persoal encargado do barrido e rego das rúas.

Artigo 25.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte e aproveitamento dos residuos sólidos, calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

Artigo 26.

1.-Cando os residuos sólidos pola súa natureza e a xuicio do Servicio Municipal competente puidesen presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixirase ó produtor ou posuidor dos mesmos, que previamente á súa recollida, realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características ou que os deposite en forma ou lugar adecuados.

2.-Así mesmo, os produtores ou posuidores de residuos potencialmente tóxicos ou perigosos, ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte e tratamento, quedan obrigados a proporcionar ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características, sendo responsable en todo momento de cantos danos se produzan cando se omitira ou falseara aquela información.

Artigo 27.-En toda nova edificación ocupada por máis dunha familia ou destinada a usos non residenciais onde se produzan residuos sólidos, existirá, conforme ás normas do Plan Xeral de Ordenación Urbana e Ordenanzas que as desenvolven, un local con capacidades e dimensións adecuadas para o almacenamento dos mesmos.

Artigo 28.-Os propietarios ou responsables dos inmobles facilitarán o acceso ó local onde estean ubicados os recipientes normalizados á totalidade dos veciños, co fin de que estes poidan deposita-los seus residuos.

Artigo 29.-As dependencias e locais comerciais integrantes dun inmoble que diariamente produzan residuos en cantidade non superior á capacidade dun recipiente normalizado terán dereito a utiliza-lo local preceptivo do edificio destinado á recepción destes residuos. Se producen maior cantidade, deberán te-lo seu propio local.

CAPITULO II.-RESIDUOS DOMICILIARIOS

Artigo 30.

1.-Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores.

2.-O Concello poderá dispor que en toda a Cidade ou en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais, aqueles residuos susceptibles de distinto aproveitamento, como papeis, botellas, latas, etc.

Artigo 31.

1.-A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinala o Concello de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo Servizo Municipal competente.

2.-Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se efectúe mediante recipientes herméticos subministrados polo Concello, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservar e mantelos en adecuadas condicións de hixiene, coa dilixencia que o Código Civil esixe ó usufrutuário de ben alleos, sendo responsables do deterioro que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa ou negligencia, sen prexuízo da limpeza periódica que realizarán os Servizos Municipais.

3.-Os usuarios, deberán deposita-lo lixo en bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos dentro do recipiente normalizado. Deberán pregar ou esnaquiza-las caixas de cartón ou madeira e introducilas en bolsas, de xeito que permita o máximo aproveitamento de contenedor.

4.-Utilizaranse os contenedores que se teñen asignados pechando logo a tampa. Non se permite depositar lixo arredor dos mesmos.

Artigo 32.-As operacións de conservación e limpeza que esixan os recipientes normalizados, serán por conta dos habitantes do inmovible, cando se trate de edificios destinados a vivenda, e da propiedade cando sexan edificios públicos ou establecementos comerciais, debendo uns e outra, en cada caso, destina-la persoa que haxa realizar tal cometido, sen detrimento das accións que, para os mesmos efectos, realicen os Servizos Municipais.

Artigo 33.

1.-A recollida dos residuos, nas zonas onde non existan recipientes normalizados, efectuarase en bolsas opacas correctamente pechadas, ubicadas nos puntos fixados polo Concello e que serán recollidos polos operarios encargados do Servizo de recollida do lixo, a partir da porta do inmovible ou establecemento comercial.

2.-Nas zonas en que existan recipientes normalizados, os veciños depositarán neles o residuos e o persoal do vehículo colector baldeará o contido dos recipientes no camiión e depositándoos logo onde se encontraban, non correspondéndolle, xa que logo, ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún inmoible de propiedade pública ou privada.

Artigo 34.

1.-Cando os recipientes contendo os residuos sexan colocados na vía pública, na beirarrúa á beira da calzada ou lugar que se sinale, esta operación non poderá facerse antes de unha hora do paso do vehículo, se a recollida se efectúa durante o día; ou antes das nove da noite se a mesma é nocturna. Logo de baldeirados os recipientes procederase á súa retirada, nun prazo máximo de quince minutos, para o caso de que a recollida se realice durante o día; ou antes das oito da mañá se a recollida se efectúa de noite, coa excepción dos correspondentes a establecementos comerciais que poden ser retirados no momento da apertura e, en todo caso, antes das nove da mañá.

2.-Nas edificacións con amplos patios de bloques nas que o portal ou entrada do inmoible se abre a estes, é necesario que os vehículos colectores teñan acceso ós mesmos. Para o caso contrario os recipientes deberanse colocar ó paso do vehículo colector.

3.-Nas zonas con rúas interiores nas que non poida acceder o vehículo colector ós portais dos inmobles, os residuos depositaranse en recipientes normalizados que se deberán colocar nun lugar ó que teña acceso dito vehículo.

Artigo 35.-Nos centros privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a retirada dos residuos correrá a cargo do Servico Municipal competente, desde o lugar sinalado, pero non o barrido e limpeza dos mesmos. Estas últimas operacións deberán realizarse coa frecuencia necesaria para manter os locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.

Artigo 36.-Se unha Entidade pública ou privada tivese por calquera causa que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal e non de forma frecuente, non poderá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a Entidade poderá ser autorizada ó transporte dos residuos cos seus propios medios ós puntos de transformación ou eliminación que indique o Servico Municipal competente, ou ben poderá solicitar a súa retirada ó mencionado Servico.

En ámbolos dous casos o Concello pasara o correspondente cargo pola eliminación ou transformación dos residuos e ademáis, no segundo caso, aumentarao co correspondente cargo de transporte dos centros de eliminación ou transformación dos resíduos.

CAPITULO III.-RESIDUOS INDUSTRIAIS

Artigo 37.-Os produtores ou posuídores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, se é o caso, aproveitamento dos mesmos se realice sen risco para as persoas. En consecuencia, estes residuos deberán ser depositados en vertedeiros de seguridade, sendo os propietarios os únicos responsables dos posibles danos ou perdas que os mesmos poidan ocasionar.

Artigo 38.-Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

Artigo 39.-Os produtores ou posuídores de residuos industriais, calquer que sexa a súa natureza, levarán un rexistro no que se fará constar diariamente a orixe, cantidade e características dos mesmos, así como a forma de eliminación ou aproveitamento e lugar de vertido. Este rexistro poderá ser examinado en todo momento polo persoal municipal acreditado para isto, levantando acta da inspección realizada.

Artigo 40.-Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose, á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

Artigo 41.

1.-Cando os residuos industriais sexan inicialmente tóxicos ou perigosos, ou poidan resultar de tal condición pasado o tempo, soamente poderán ser depositados en instalacións especiais que aseguren a súa destrucción ou inocuidade.

2.-O transporte dos restos ou residuos sólidos industriais poderá efectuarse polos propios produtores ou posuídores, ou por terceiras persoas que contén coa oportuna e específica licencia e mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco.

3.-Efectuado o vertido nas zonas especialmente habilitadas para tales residuos, acreditarase documentalmente esta circunstancia perante o Concello.

CAPITULO IV.-RESIDUOS ESPECIAIS

Sección 1ª.-Terras e Escombros

Artigo 42.

1.-Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domiciliarios os escombros procedentes de calquera clase de obras.

2.-Non obstante, os escombros procedentes de obras cun volume de ata un metro cúbico poderán ser retirados polo Servizo Municipal competente previo pedimento do interesado, ó que lle será pasado o cargo correspondente.

3.-Os escombros cun volume superior a un metro cúbico, así como os procedentes de baldeiramento ou movemento de terras, deberanse eliminar polos interesados conforme ó establecido na Ordenanza Municipal de Transportes e Vertidos de Terras e Escombros.

Artigo 43.

1.-Prohíbese depositar na vía pública toda clase de escombros ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2.-Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, materiais de construción: área, ladrillo, cemento, etc.

Artigo 44.

1.-Os residuos e materiais do artigo anterior soamente se poderán almacenar na vía pública utilizando para iso contenedores adecuados e instalados cumprindo os requisitos e condicións que se sinalen.

2.-A colocación de contenedores requirirá autorización municipal cun número que se deberá indicar nun lugar visible dos mesmos, sendo o único elemento de identificación do seu titular.

3.-Os contenedores deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preserva-lo ornato urbano e evitar que outras persoas boten neles lixo domiciliario ou trastes inútiles.

4.-Cando os contenedores se atopen cheos de escombros procederase, en prazo non superior a ventecatro horas, á súa retirada e substitución por outros baldeiros. Para estes efectos os materiais depositados, non poderán rebasar nunca o plano delimitado polas arestas superiores do contenedor, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumenta-la capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento o Concello poderá retira-lo contenedor que logo de baldeirado quedará en depósito. O propietario poderá recupera-lo previo pagamento dos gastos de transporte, vertido e retirada, sen prexuízo da sanción a que houber lugar.

Sección 2ª.-Mobles e Obxectos Inútiles

Artigo 45.

1.-Queda prohibido depositar, nos espazos públicos, mobles e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións da recollida domiciliaria de lixo.

2.-As persoas que desexen desfacerse de tales elementos solicitarano do Servicio Municipal competente, que indicará o día e hora para depositalos na beirarrúa.

Sección 3ª.-Animais Mortos

Artigo 46.-Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie, sobre calquera clase de terreos, e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

A sanción por incumplimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitaria.

Artigo 47.

1.-As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos farano a través do Servicio Municipal competente que procederá á súa recollida, transporte e eliminación.

2.-Este Servicio Municipal será gratuito cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou cautividade, de se referir a un só exemplar e a prestación do Servicio se solicite de maneira illada e esporádica.

3.-O disposto no parágrafo anterior non será aplicable para o caso de explotacións gandeiras ou industriais, nin no suposto de équidos para uso deportivo.

Artigo 48.- A eliminación de animais mortos non exime, en ningún caso, ós propietarios, da obriga de comunica-la baixa do animal e as causas da súa morte, cando así veña establecido en Ordenanzas ou Regulamentos Municipais ou disposición legais vixentes.

Artigo 49.-Os que observen a presenza dun animal morto poden comunicar tal circunstancia ó Servicio Municipal competente co fin de proceder a retira-lo cadáver as condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

Sección 4ª.-Residuos Clínicos

Artigo 50.-Para os efectos desta Ordenanza consideranse residuos clínicos:

1.-En xeral, todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

2.-Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xiringas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio, etc.

3.-Os asimilables a residuos domiciliarios tales como restos de comida, lixo procedente da limpeza, embalaxes, etc.

Artigo 51.

1.-Os residuos procedentes de centros sanitarios han estar debidamente envasados e pechados, utilizando para isto recipientes normalizados. Os residuos procedentes de quirófanos, curas, etc., estarán separados dos de comedores, bares, cafeterías, etc., co fin de evitar contaxios ou infeccións.

2.-Os establecementos que produzan residuos clínicos, terán a obriga de entrega-los mesmos ó Concello que procederá, selectivamente, á súa recollida, transporte e tratamento, ou dará as instrucións pertinentes para que tales establecementos poidan desprenderse daqueles residuos que precisen dun tratamento específico.

3.-Se a entrega de residuos clínicos se fai a persoa física ou xurídica que non posúa a debida autorización, o produtor responderá solidariamente co receptor da calquera dano que se produza a causa daqueles e das sancións que proceda impor.

Sección 5ª.-Outros Resíduos

Artigo 52.-Inclúense neste epígrafe tódolos residuos nos sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo, por razón das condicións anormais en que os mesmos puidesen encontrarse.

Artigo 53.- Os donos de establecementos comerciais que tivesen que desprenderse de alimentos deteriorados, conservas caducadas, etc., están obrigados a entregar tales restos ó Concello, proporcionando canta información sexa necesaria ter en conta co fin de efectuar unha correcta eliminación.

TITULO V.-TRATAMENTO DE RESIDUOS

Artigo 54.

1.-Os depósitos ou vertedeiros para a eliminación de residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal e en canto á súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento darase cumprimento a canto establezan as disposicións vixentes sobre esta materia.

2.-Todo vertedeiro que non cumpra co establecido no punto anterior, será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen detrimento das sancións previstas e das responsabilidades a que houbese lugar.

3.-As instalacións industriais para a eliminación ou aproveitamento dos residuos nas súas formas de reciclado, incineración, pirólise e pirofusión, etc., estarán ó que dispoñan as leis vixentes na materia.

TITULO VI.-REXIME DISCIPLINARIO

CAPITULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 55.

1.-Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar perante o Concello as infraccións da presente Ordenanza en relación coa materia á que se refire este Libro.

2.-Tocante ó contido das denuncias e para os seus efectos rexerá o establecido no artigo 56 de presente Ordenanza.

Artigo 56.

1.-As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas neste Libro, serán esixibles non soamente polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

2.-Cando se trate de obrigas colectivas tales como uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios, ou habitantes do inmovible cando non estea constituída esta; e para este efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou, se é o caso, contra a persoa que ostente a súa representación.

CAPITULO II.-INFRACCIONS

Artigo 57.

1.-Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire este Libro, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

2.-As infracción clasifícanse en leves, graves e moi graves conforme se establece nos artigos seguintes.

Artigo 58.

1.-Consideraranse infraccións leves:

- 1.. A falta de limpeza das rúas particulares e outros espazos libres do mesmo carácter.
- 2.. Botar desperdicios na vía pública, así como realizalas operacións prohibidas no artigo 8, salvo cambiar aceite ou outros líquidos ós vehículos.
- 3.. Non instala-las papeleiras esixidas ou a falta de limpeza na vía pública, nos supostos dos artigos 10 e 12.
- 4.. Non manter limpas as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.

5.. Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

6.. Riscar, ensuciar ou arrincar carteis ou anuncios colocados en lugares ou emprazamentos autorizados.

7.. Tocante ós recipientes herméticos, a falta de coidado dos mesmos; poñelos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido; utilizar outros distintos ós autorizados; sacar lixo que os desborde e non poñelos ó paso do camiión recolledor.

8.. Presenta-las escorias e cinzas de xeradores de calor en recipientes non homologados.

2.-Consideraranse infraccións graves:

1.. A reincidencia en infraccións leves.

2.. Cambia-lo aceite e outros líquidos ós vehículos na vía e espazos libres públicos.

3.. Realizar actos de propaganda mediante o reparto ou lanzamento de carteis, folletos, follas voantes, etc., que ensucien os espazos públicos.

4.. Omiti-las operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumpri-las obrigas do artigo 13.

5.. Non retirar no prazo establecido os escombros procedentes de obras na vía pública así como almacenar na mesma escombros ou materiais de construción, sen utilizar contenedores, ou situar estes incumprindo o establecido nas Ordenanzas Municipais.

6.. Non proceder á limpeza das dexeccións de cans ou outros animais.

7.. Poñer carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.

8.. Usar indebidamente ou dana-los recipientes herméticos suministrados polo Concello.

9.. Abandonar mobles ou obxectos na vía ou espazos públicos.

10. Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público.

2.. Bota-los residuos clínicos en recipientes non normalizados ou non realizar separación entre os residuos procedentes de quirófanos, curas, etc., e os procedentes de comedores, bares, etc.

3.-Consideraranse infraccións moi graves:

1.. A reincidencia en faltas graves.

2.. Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización ou entregalos a quen teña tal dedicación.

3.. Carecer do libro-rexistro de residuos industriais, así como o vertido incontrolado deles.

4.. Non retirar-los contenedores no prazo establecido.

5.. Non entregar ó Concello os restos ós que se refire a Sección "Outros Residuos".

6.. Non proporcionar información ó Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir transtorno no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos faltos ou impedir e atranca-lo labor inspector nos supostos de residuos industriais.

CAPITULO III.-SANCIONS

Artigo 59.

1.-Sen detrimento de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos do presente Libro en materia de limpeza urbana e residuos sólidos serán sancionados na forma seguinte:

- 1.. Infraccións leves: Multa de ata 5.000 pesetas.
 - 2.. Infraccións graves: Multa de 5.000 a 10.000 pesetas.
 - 3.. Infraccións moi graves: Multa de 10.000 pesetas a 15.000 pesetas.
 - 4.. Todas estas multas sen mingua das sancións superiores autorizadas legalmente pola autoridade competente.
- 2.-Nos supostos de reincidencia en infraccións moi graves, o Organo competente poderá impo-las sancións previstas na Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre restos e residuos sólidos urbanos.

Artigo 60.

- 1.-Para determina-la cuantía da sanción atendeerase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.
- 2.-Será considerado reincidente quen incorrera en infraccións das mesmas meterias nos doce meses anteriores.